

## XORNADA DE “ENSINANZA RELIXIOSA ESCOLAR”. CURSO 2021-2022

### “PARA UNHA BOA EDUCACIÓN, ELIXE RELIXIÓN”

DOMINGO, 30 DE MAIO

#### **Benqueridas familias,**

Achégase o momento no que os vosos fillos terán que elixir un ano máis se matricularse na materia de “Relixión Católica”. Pedímosvos que desde a vosa responsabilidade os animedes a elo.

Sen dúbida, queredes a mellor educación para os vosos fillos, que non só lle aporte coñecementos intelectuais, senón que lles oriente na vida e inculque neles uns valores, criterios e actitudes que lles permitan medrar como bos alumnos e boas persoas.

A “Ensinanza Relixiosa Escolar” da resposta a eses dimensións esenciais da educación, non a cuestións marxinais. A relixión constitúe un elemento fundamental da construción moral e espiritual da persoa. A formación integral dos alumnos, o seu desenvolvemento pleno e consciente, necesita da Ensinanza Relixiosa.

A presenza da materia de “Relixión Católica” correspóndese coa natureza mesma da educación. Non é un privilexio, senón un dereito que recoñece de xeito explícito a nosa Constitución, cando sinala que: “Os poderes públicos garanten o dereito que asiste aos pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas propias conviccións” (art. 27. 3).

Neste momento, no que se pretende unha nova reforma educativa que non comprende o lugar propio da ERE e fai máis ardua a súa elección polos alumnos, urxe que as familias católicas asumades a vosa responsabilidade e exerzades o voso dereito decidindo ou apoiando de forma expresa que os vosos fillos opten por estudar esta materia de “Relixión Católica”.

Na ERE, os alumnos coñecerán mellor a tradición moral e relixiosa na que naceron, estudarán as ensinanzas de Xesús de Nazaré sobre Deus Pai e a súa mensaxe de paz e amor, abordarán temas importantes da vida, aprenderán a convivir en fraternidade, a respectarse mutuamente e a ser solidarios cos demais.

Pedímosvos que, como familias, sexades consecuentes coa vosa fe cristiá e solicitedes “Relixión Católica” para os vosos fillos cando se matriculen para o próximo curso. Para a súa boa educación, axudádelles a coñecer a mensaxe e os valores do Evanxeo, elixide “Relixión”.

Rezamos por todos vós e por todos os membros da grande comunidade escolar.

Saudámosvos de forma cordial e dámosvos a nosa bendición.

+ Julián, Arcebispo de Santiago. + Luis, Bispo de Tui-Vigo. + Alfonso, Bispo de Lugo.

+ José Leonardo, Bispo de Ourense. + Francisco, Bispo Auxiliar de Santiago.